

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 22**

### **Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Aproveitamentos especiais da Vía pública con Caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública**

#### **Artigo 1º. Fundamento e natureza.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

#### **Artigo 2º. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible da taxa os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público, con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, achegados aos edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros e máquinas sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

#### **Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables.**

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 4º. Beneficios fiscais.**

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

#### **Artigo 5º.-Cota tributaria.**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ao ano: 80 euros.

#### **Artigo 6º. Devengo e período impositivo.**

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por instalación dun novo caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.

b) En caso de baixas por eliminación do caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

En todo caso establécese a obriga de declarar de forma fehaciente, ante a administración municipal a instalación e a desinstalación do caixeiro automático ou máquina. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación.

#### **Artigo 7º. Normas de xestión.**

O Concello practicará dentro do primer semestre do ano, ou no momento de producirse a instalación dun novo caixeiro, as liquidacións definitivas da cota anual prevista no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que

ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

**Artigo 8º. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.